

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2018.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D. Diego Antonio Taibo Monelos  
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril  
D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra  
D. Miguel Suárez García  
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

**SECRETARIA XERAL:**

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e vinte minutos do día un de outubro do ano dous mil dezaioito, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2018.**

C.I.F. P-1503100-H

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezasete de setembro de dous mil dezaioito, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 17 de setembro de 2018.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Resolución do 13 de setembro de 2018, do Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade -Subsecretaría-, pola que se publica a Resolución do 20 de xullo de 2018, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, sobre instrucións técnicas aos Concellos sobre a revisión anual do padrón municipal e o procedemento de obtención da proposta de cifras oficiais de poboación. BOE núm. 228 do 20-09-2018.
- Resolución do 7 de setembro de 2018, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convoca unha edición do curso Intervención dos corpos de emerxencias na loita contra a invasión da avespa velutina, curso de formación continua para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 178 do 18-09-2018.
- Resolución do 7 de setembro de 2018, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para os servizos de extinción de incendios e salvamento, grupos de

emergencias supramunicipais e servizos municipais de protección civil e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 178 do 18-09-2018.

- Resolución do 11 de setembro de 2018, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se convocan cursos para empregados/as públicos/as das entidades locais e do sector público autonómico de Galicia. DOG núm. 178 do 18-09-2018.
- Anuncio do 7 de agosto de 2018, de Augas de Galicia, polo que se fai pública a proposta de resolución ditada no expediente sancionador en materia de verteduras de augas residuais DH.D15.61307. DOG núm. 180 do 20-09-2018.
- Resolución do 13 de setembro de 2018, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza -Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se convoca o Programa Xogade (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar, para o curso 2018/19. DOG núm. 181 do 21-09-2018.
- Anuncio do 6 de setembro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación no concelleiro D. Diego Antonio Taibo Monelos, da competencia para a celebración do matrimonio civil entre I.R.C. e J.C.V.F. o día 09-09-2018 ás 13.30 horas. BOP núm. 178 do 18-09-2018.
- Anuncio do 6 de setembro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación no concelleiro D. Diego Antonio Taibo Monelos da competencia para a celebración do matrimonio civil entre I.R.C. e J.C.V.F. o día 09-09-2018 ás 13.30 horas. BOP núm. 178 do 18-09-2018.
- Anuncio do 6 de setembro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira D<sup>a</sup>. Carmen Varela Corbelle da competencia para a celebración do matrimonio civil entre L.G.F. e D.G.F. o día 08-09-2018 ás 18.30 horas. BOP núm. 178 do 18-09-2018.
- Resolución do 11 de setembro de 2018, da Consellería de Economía e Emprego e Industria -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Enerxía e Minas-, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Culleredo (expediente: IN407A 2018/130-1). BOP núm. 178 do 18-09-2018.
- Resolución do 10 de setembro de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Enerxía e Minas- pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Culleredo (expediente: IN407A 2018/92-1). BOP núm. 178 do 18-09-2018.
- Anuncio do 14 de setembro de 2018, do Concello de Culleredo, de exposición pública da aprobación inicial dun expediente de suplemento de crédito para o financiamento de inversións financeiramente sostibles financiado co superávit do ano 2017. BOP núm. 179 do 19-09-2018.
- Anuncio do 11 de setembro de 2018, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio -Aguas de Galicia -Servizo Territorial Zona Galicia Norte- Augas de Galicia-, de información pública da solicitude de F.P.N. de autorización de obras na parcela de referencia catastral 7293109NH48790001IH, no lugar de Peiro de Arriba, parroquia de Celas. Expediente: DH.W15.63305. BOP núm. 182 do 24-09-2018.
- Anuncio do 19 de setembro de 2018, do Concello de Culleredo, de exposición pública do padrón das taxas pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondente ao 3º trimestre de 2018. BOP núm. 182 do 24-09-2018.
- Anuncio do 12 de setembro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 11-09-2018 desde as 13.00 ata as 15.00 horas. BOP núm. 183 do 25-09-2018.

C.I.F. P-1503100-H

- Anuncio do 21 de setembro de 2018, da Deputación da Coruña, de aprobación da 2ª modificación das bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 relativa ao retraso do prazo da devolución do préstamo provincial ata o ano 2022. BOP núm. 183 do 25-09-2018.
- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio -Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo-. Decreto 83/2018, do 26 de xullo de 2018, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia. BOP núm. 186 do 28-09-2018

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución núm. 1396 de data do 04/09/2018, pola que se dá de baixa a licenza municipal de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras para a terraza do café-bar situado na R/. Hersa núm. 2.
- Resolución núm. 1437 de data do 12/09/2018, pola que se concede o cambio de material para o servizo de transporte público da licenza de taxi núm. 7, para o vehículo matrícula 5460KNM.
- Resolución núm. 1439 de data do 12/09/2018, pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA, dos terreos de dominio público municipal para a acometida do subministro de gas natural canalizado na R/. Almeiras núm. 63.
- Resolución núm. 1440 de data do 12/09/2018, pola que se autoriza o uso especial por CORREOS TELECOM, SA, dos terreos de dominio público municipal para a canalización de telecomunicacións na R/. Visitación de la Encina, núm. 7.
- Resolución núm. 1441 de data do 12/09/2018, pola que se autoriza o uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, dos terreos de dominio público municipal para a canalización de RBT na urbanización Fonteculler.
- Resolución núm. 1442 de data do 12/09/2018, pola que se aproba a certificación núm. 1 da obra "Renovación de tubaxes de abastecemento na AC-213, O Burgo – A Telva", a favor de CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ, SL.
- Resolución núm. 1443 de data do 12/09/2018, pola que se aproba a certificación núm. 1 da obra "Renovación parque infantil R/. Luis Seoane", a favor de IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, SL.
- Resolución núm. 1452 de data do 18/09/2018, pola que se aproba o proxecto técnico para a obra de "Remodelación de praza e parque infantil en Vilaboa (igrexia)", cun presuposto de 269.898,80 €.
- Resolución núm. 1453 de data do 18/09/2018, pola que se establece unha reserva de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida, na R/. Amparo López Jean, núm. 5."

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

**\*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

| Data da | Nº resolución | TEMA | Persoa beneficiaria | Intensidade |
|---------|---------------|------|---------------------|-------------|
|---------|---------------|------|---------------------|-------------|

C.I.F. P-1503100-H

| resolución |      |                                                                                                                                                                                                                                                                                    |             |                                                                 |
|------------|------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|-----------------------------------------------------------------|
| 09/08//18  | 1288 | Conceder o Xantar na casa.<br><br>Denegar a Telasistencia domiciliaria.                                                                                                                                                                                                            | A. M. B. T. | Sete días á semana.                                             |
| 09/08/18   | 1289 | Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.                                                                                                                                                                                                                                    | F. J. M. G. | Cinco horas á semana (agás festivos).                           |
| 09/08/18   | 1290 | Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.                                                                                                                                                                                                                                    | B. R. R.    | Dúas horas á semana (agás festivos).                            |
| 09/08/18   | 1291 | Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar para atender as súas necesidades básicas da vida diaria por un período de 3 meses a contar dende o primeiro día de prestación.<br><br>Conceder o Xantar na casa por un período de 3 meses a contar dende o primeiro día de servizo. | M. C. V. T. | Dez horas á semana (agás festivos).<br><br>Sete días da semana. |
| 09/08/18   | 1293 | Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e Teleasistencia domiciliaria e declarar concluso o procedemento.                                                                                                                                      | F. V. R.    |                                                                 |
| 09/08/18   | 1294 | Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.                                                                                                                                                                                                                                    | H. V. V.    | Cinco horas á semana (agás festivos).                           |
| 09/08/18   | 1295 | Conceder unha ampliación do servizo municipal de Axuda no fogar.                                                                                                                                                                                                                   | J. G. P.    | Cinco horas á semana (agás festivos).                           |
| 09/08/18   | 1296 | Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar revisable no prazo de 2 meses.                                                                                                                                                                                                      | S. L. C.    | Cinco horas á semana (agás festivos).                           |
| 09/08/18   | 1297 | Conceder o Xantar na casa.                                                                                                                                                                                                                                                         | D. S. R.    | Sete días da semana.                                            |
| 09/08/18   | 1298 | Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda o fogar e declarar concluso o procedemento.                                                                                                                                                                     | D. S. R.    |                                                                 |
| 31/08/18   | 1392 | Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar .                                                                                                                                                                                                                                   | V. B. S.    | Dez horas á semana (agás festivos)                              |
| 04/09/18   | 1393 | Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento.                                                                                                                                                                    | M. G. I.    |                                                                 |

|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|
|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|

**\*\*PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

| Data da resolución | Nº resolución | TEMA                           | Persoa beneficiaria | Obxecto da axuda                                                                                                                                                                                                | Importe    |
|--------------------|---------------|--------------------------------|---------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| 16/07/18           | 1114          | Conceder unha axuda económica. | P.S.                | Pago de aluguer correspondente aos meses de abril a xullo de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 320 €, agás o mes de xullo cun importe de 115 €.           | 1.075,00 € |
| 16/07/18           | 1115          | Conceder unha axuda económica. | M. D.S.P.           | Pago de aluguer correspondente aos meses de febreiro a maio de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 325 €, agás o mes de maio que será cun importe de 100 €. | 1.075,00 € |
| 16/07/18           | 1116          | Conceder unha axuda económica. | Y.C.P.              | Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a abril de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 300€, agás o mes de abril cun importe de 175 €.          | 1.075,00 € |
| 16/07/18           | 1117          | Conceder unha axuda económica. | S.S.S.              | Pago de aluguer correspondente aos meses de xuño e xullo de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 165 €.                                                      | 330,00 €   |
| 19/07/18           | 1135          | Conceder unha axuda económica. | F.E.M.              | Pago de aluguer, por un importe de 700 €, correspondente aos meses de abril a outubro                                                                                                                           | 1.075,68 € |

C.I.F. P-1503100-H

C.I.F. P-1503100-H

|          |      |                                |          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |            |
|----------|------|--------------------------------|----------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
|          |      |                                |          | de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 100 €.<br>Bono de alimentos tipo e bono de hixiene, durante seis meses e cunha entrega mensual.                                                                                                                                                               |            |
| 19/07/18 | 1136 | Conceder unha axuda económica. | T.F.F.   | Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo a maio de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 335 €.                                                                                                                                                                                               | 1.005,00 € |
| 19/07/18 | 1137 | Conceder unha axuda económica. | E.G.L.   | Pago de hipoteca, por un importe de 730 €. correspondente aos meses de marzo a xuño de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 186 €, agás o mes de xuño cun importe de 172 €.<br><br>Pago de recibos de gastos de comunidade correspondentes aos meses de marzo a maio de 2018 por un importe de 115 €. | 1075,68 €  |
| 19/07/18 | 1139 | Conceder unha axuda económica. | M.L.M.C. | Pago de hipoteca, correspondente aos meses de abril a agosto de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 240 €, agás o mes de agosto que será cun importe de 115 €.                                                                                                                                       | 1.075,00 € |
| 20/07/18 | 1160 | Conceder unha axuda económica  | N.P.V.L. | Pago de aluguer correspondente aos meses de febreiro a abril de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de                                                                                                                                                                                                  | 1.050,00 € |

C.I.F. P-1503100-H

|            |      |                                                           |             |                                                                                                                                                                                                         |            |
|------------|------|-----------------------------------------------------------|-------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
|            |      |                                                           |             | 350 €.                                                                                                                                                                                                  |            |
| 20/07/18   | 1161 | Conceder unha axuda económica.                            | F.J.M.C.    | Pago de hipoteca correspondente aos meses de xaneiro a xuño de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 176,89 €.                                        | 1.061,34 € |
| 20/07/18   | 1162 | Conceder unha axuda económica.                            | B.L.M.      | Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a marzo de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 370 €, agás o mes de marzo cun importe de 335 €. | 1.075,00 € |
| 06/08/18   | 1260 | Conceder unha axuda económica.                            | M.C.L.G.    | Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo a xuño de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 330 €, agás o mes de xuño cun importe de 85€.       | 1.075,00 € |
| 17/08/18   | 1334 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | J. A. V. M. | Pago de recibo de electricidade, corresponde ao mes de xuño de 2018.                                                                                                                                    | 45,35 €    |
| 21/08/2018 | 1337 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | M.A.R.M.    | Pago electricidade correspondente ao periodo do 25/03/2018 ao 26/04/2018 (75,15 €) e do 26/04/2018 ao 29/05/2018 (72,72 €).                                                                             |            |

“

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

**“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN:**

EDUCACULLEREDO 2018-19. Inicio do programa municipal

O 3 de outubro remata o prazo para que os centros escolares soliciten a participación da comunidade educativa nas 59 propostas recollidas no programa municipal de actividades educativas en horario lectivo EDUCACULLEREDO, orientadas ao alumnado de educación infantil e primaria, secundaria e postobligatoria.

Na programación destas actividades participan conxuntamente as concellerías de Benestar e Igualdade, a de Deportes e Tempo Libre e a de Educación e Cultura, desde a que se coordinará o programa.

A proposta anual conta cunha grande aceptación por parte do profesorado e nela implicase o alumnado matriculado nos diferentes colexios e institutos a partir de 3 anos.

Por datos de cursos pasados, agárdase que en cada unha das actividades participe unha media de 200 escolares, que poderán completar así a formación recibida nas aulas, mellorando deste xeito a calidade de educación.

Ao longo do curso aboradanse temáticas tan diversas como a prevención de condutas adictivas, a educación ambiental, histórica, a promoción da saúde, contra a violencia de xénero, fomento da participación en actividades musicais e artísticas, prevención do acoso, prevención de riscos etc etc e mesmo coñecer de primeira man os recursos que o concello pon a disposición dos mozos e mozas.

**A) ACTIVIDADE: Colaboración na Exhibición solidaria ASGATE-Protección civil.**

O alumnado de 5º de EP de todos os centros escolares de Culleredo, participará o día 4 de outubro na Exhibición solidaria organizada por ASGATE-Protección civil na pista multiusos situada no paseo marítimo de 10:00 a 13:00 h. O obxectivo é o de previr riscos e coñecer a todos os corpos de seguridade que traballan día a día en emerxencias.

C.I.F. P-1503100-H

**B) ACTIVIDADE: Festival de pulso e puga.**

Programa: Educación musical e artística.

Datas: 3 e 5 outubro.

Horario: 10:30 - 11:30 h.

Colexios participantes: Tarrío, Sofía Casanova, Díaz Pardo, Ría do Burgo, colexio novo e CPR A Ponte Pasaxe

Curso: 6º EP.

Nº participantes: 350.

Lugar: Salón de Actos do Edificio de Servizos Múltiples.

**ACTIVIDADES CULTURAIS**

**XOVES 4 DE OUTUBRO**

Aula de Natureza do Xardín Botánico do Burgo. 20.00 h:

Inauguración da exposición *Unha mirada de antano. Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia*, cedida por AFUNDACIÓN. Ata o 28 de outubro.

**VENRES 5 DE OUTUBRO**

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.30 h:

*Contacontos coa Dragóna Ramona*.

A partir de 3 anos. Entrada libre.

**VENRES 5 DE OUTUBRO**

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:

*Museo científico itinerante*.

A partir de 7 anos. Aforo limitado. Recoller entrada na biblioteca o propio día."

**2.3.- SENTEZA 102/2018 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 4 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 9/2017.**

|                                                                                                                                                                    |                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                                | Código do expediente |
| <b>USG12I00VW</b>                                                                                                                                                  | <b>USG/2018/162</b>  |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br><b>4S21 0D5G 150S 0W2C 0THZ</b> |                      |

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 102/2018, do 18 de setembro de 2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña, Procedemento Ordinario 9/2017, o fallo desestima o recurso contencioso-administrativo interposto por D.S.M. contra a resolución do 10 de novembro de 2016 ditada polo Concello de Culleredo no expediente UAJ/2015/57, na que se desestima o recurso de reposición presentado fronte a resolución do 19 de agosto de 2018 que desestimaba a reclamación por responsabilidade patrimonial derivada dos danos sufridos por caída no Paseo Marítimo do Burgo, con imposición das custas procesuais á parte demandante. Contra esta sentenza cabe interpoñer recurso de apelación.

### **3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

Visto e prace  
O alcalde  
(Asinado dixitalmente)